

Castrelo, 16 de novembro de 2020

DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS DA CONSELLERÍA PARA O ALUMNADO

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou unha [ORDE](#) na que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta Consellería e en centros privados concertados no curso 2020/21.

Alumnado destinatario:

- **Beneficiarios da Axuda para adquirir material Escolar (estes xa NON teñen que solicitalo, pois se lles foi concedida a axuda para material escolar, teñen dereito tamén á axuda para as máscaras).**
- Non fosen beneficiarios da axuda por calquera circunstancia, pero estean nun destes casos:
 1. Pertenza a familias cunha renda per capita igual ou inferior a 6000€.
 2. Discapacidade igual ou superior ao 65%.

Prazo de solicitudes:

Do 16 de novembro ao 27 de novembro inclusive.

Lugar de presentación:

Deberán presentar na Secretaría do centro, unha solicitude única, os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que non presentou solicitude de material escolar no seu momento.

Formulario de solicitude:

Empregarase o formulario normalizado: Anexo I da convocatoria. Tamén dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e na Secretaría do centro.

- Ligazón á convocatoria:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201113/AnuncioG0598-061120-0002_gl.pdf

-[Ligazón á Sede Electrónica](#).

- Formulario de solicitude ([Anexo I da convocatoria](#))